

TAXA POLO USO DAS INSTALACIÓNS INTEGRANTES DO PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA.**Artigo 1. Fundamento e réxime**

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.o) do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, establece a Taxa pola entrada e uso das instalacións do parque acuático de Cerceda.

Artigo 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible deste tributo a entrada e o uso das instalacións que integran o parque acuático de Cerceda.

Artigo 3. Obriga de contribuir

A obrigación de contribuír nacerá dende que se inicie a utilización, mediante a entrada ó recinto.

Artigo 4. Suxeitos pasivos

Están obrigados ó pago as persoas naturais e xurídicas usuarias das instalacións.

Artigo 5. Base impoñible e liquidable

Tomarase como base do presente tributo o número de persoas que efectúen a entrada.

Artigo 6. Cota tributaria

As tarifas a aplicar serán as seguintes (en euros):

De luns a venres

Adultos	7,00€
5-12 anos	5,00€
0-4 anos	0,00€

Sábado, domingo e festivos

Adultos	8,00€
5-12 anos	6,00€
0-4 anos	0,00€

Abono sete días

Adultos	30,00€
5-12 anos	21,00€

Artigo 7. - Normas de xestión.

7.1- Con carácter xeral, a cota tributaria aboarase no momento da entrada ó parque, agás no caso do grupos que poderán tramitar e aboar as entradas con anterioridade.

Artigo 8. Exencións e reducións.

8.1 As persoas que acrediten a condición de familia numerosa terán as seguintes cotas:

Diario

Adultos	6,00€
5-12 anos	4,00€
0-4 anos	0,00€

Sábado, domingo e festivos

Adultos	7,00€
5-12 anos	4,00€
0-4 anos	0,00€

Abono semanal

Adultos	27,00€
5-12 anos	18,00€

Para a obtención dos descontos por familia numerosa, é imprescindible a acreditación desta condición no momento de aboar a entrada ó parque acuático, mediante a presentación do título de familia numerosa.

8.2 As persoas que acrediten a condición de discapacidade superior a un 33% mediante a presentación do correspondente certificado de minusvalía, gozarán das mesmas bonificacións que as familias numerosas.

Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.”

Disposición adicional primeira

A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 de xuño de 2012.